

## PLAN XERAL ANUAL DO DPTO. DE FÍSICA E QUÍMICA

APELIDOS E NOME	Pp	Ps	Xf	MATERIAS E CURSOS
Ramón López Fernández		X	Xf	Física e Química 2ºA e B , 3ºA e B e 4º da ESO. Intelixencia Artificial 4º ESO Responsable TIC do centro

Pp: profesor primaria.Ps: profesor secundaria. Xf: Xefe do departamento. S. Substituto. Int: interino. FPr: funcionario en prácticas.

### HORAS IMPARTIDAS FÍSICA E QUÍMICA e INTELIXENCIA ARTIFICIAL

MATERIA	Nº HORAS
2º ESO - AB	6
3º ESO - AB	4
4º ESO Física e Química	3
4º ESO Intelixencia Artificial	3
<b>Total horas</b>	<b>16</b>

#### Contextualización e xustificación das medidas a adoptar

Este curso escolar, a programación didáctica das materias de física e química e intelixencia artificial veñen condicionadas polas seguintes circunstancias:

- Posibilidade de dous escenarios educativos: presencial ou semipresencial segundo evolucione a situación sanitaria.

Como consecuencia:

- Os contidos e criterios de avaliación veranse condicionados dependendo do escenarios de aprendizaxe e traballaremos sempre os contidos esenciais.
- A Aula virtual e Edixgal utilizaranse habitualmente como medio de comunicación,

consulta dos contidos e entrega de tarefas ao longo do curso.

- No caso do escenario semipresencial intensificarase o emprego destas ferramentas dixitais.

### **Plans de Reforzo e recuperación para que o alumnado recupere as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior e de uso no presente.**

Os resultados da avaliación inicial permitiranos detectar as necesidades ou carencias do alumnado. A partir dela estableceremos, principalmente ao longo do primeiro trimestre, medidas colectivas para planificar reforzos individuais coa extensión necesaria ao longo do curso. Utilizaremos materiais diversos tales como fichas, vídeos, lecturas coas correspondentes preguntas orais e escritas, Aula Virtual, páxinas web educativas, etc.

A materia de física e química nos cursos de 2º e 3º é moi parella, aumentando a súa dificultade. No caso de 4º ao ser optativa e por riba máis complexa, teremos que reforzar ou explicar aqueles aprendizaxes non adquiridas o curso/s anterior/es, ben porque non foron traballadas na aula ben porque algún alumnado non as adquiriu.

#### **- Alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (NEAE)**

Seguindo os informes do departamento de orientación e unha vez realizada a avaliación inicial, e identificados os alumnos e alumnas con necesidades especiais, o equipo de profesores coordinados polos membros do departamento de orientación, tomará as decisións axeitadas para atendelos a través de apoios na aula impartidos pola PT e os distintos reforzos educativos do profesorado de cada materia.

## OBXECTIVOS

- Elaborar e aplicar o proxecto curricular de área.
- Unificar criterios e coordinar as actuacións didácticas.
- Determinar os criterios xerais de programación.
- Supervisar as programacións e a súa aplicación.
- Avaliar periodicamente o grao de eficacia dos programas.
- Coordinar os membros do departamento. Traballo en equipo.
- Autoavaliación do seu funcionamento.
- Coordinar e actualizar a metodoloxía didáctica.
- Supervisar e controlar, laboratorio, materiais didácticos, etc.
- Promover a investigación educativa e a formación do profesorado.
- Propoñer materias optativas dependentes dos departamentos, que sexan impartidas polos profesores dos mesmo.
- Conseguir recursos e materiais (bibliográficos, de laboratorio, vídeo, etc.) para que o departamento estea dotado de forma axeitada.
- Intercambio de opinións e experiencias.
- Información xeral sobre cursos, seminarios, congresos...
- Conseguir o máximo rendemento dos alumnos.
- Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe.
- Participar na programación e aplicación de adaptacións curriculares.
- Organizar apoios, materiais de recuperación e avaliación de alumnos pendentes.
- Atender as reclamacións e peticións dos alumnos.
- Elaborar o deseño de avaliación dos departamento de acordo co do Centro.
- Propoñer temas de interese e participar por medio do xefe de departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Organizar y realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.

- Fomento do interese dos alumnos pola Ciencia. Preténdese que o alumnado se interese polas áreas científicas. Para elo se desenvolveran as materias cunha metodoloxía amena e participativa, utilizando no posible as novas tecnoloxías das que dispón o Centro.
- Potenciación das finalidades educativas do C.P.I., e en particular, as relativas a unha maior sensibilización polos temas de saúde, consumo responsable e problemática ambiental.
- Potenciación da elección das áreas de Ciencias en 4º de ESO, pois o seu estudo facilita a adquisición de moitas das capacidades e competencias do currículo, e son un bo cemento para os estudos do bacharelato ou ben de ciclos formativos.
- Elaborar a final de curso unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, a práctica docente e os resultados obtidos.
- Crear e manter un Club de Ciencia para incentivar todo coñecemento científico relacionado coa mellora STEAM.
- Resaltar a importancia da Intelixencia Artificial no devir na sociedade: campos de aplicación e repercusións sociais.

## **FUNCIONAMENTO**

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

Reparto disciplinas e material didáctico.

Horario do Laboratorio.

Horario da aula de informática.

Revisión de programacións.

Coordinación de Programacións entre niveles e dentro de cada nivel.

Revisión da programación dos departamentos.

Avaliación inicial.

Preparación de actividades extraescolares e complementarias.

Cursos de formación do profesorado.

Grupos de traballo.

Elaborar cadernos de traballo para a recuperación de materias pendentes.

### SEGUNDO TRIMESTRE:

Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do 1º cuadrimestre.

Análise crítico de resultados da primeira avaliación.

Revisión de metodoloxía e criterios de avaliación.

Preparación de actividades extraescolares e complementarias.

Seguimentos de alumnado con áreas pendentes.

Avaliación de febreiro para alumnos con materias pendentes.

Coordinación de Programacións entre niveles e dentro de cada nivel.

### TERCEIRO TRIMESTRE:

Corrección dos cadernos de recuperación de pendentes e proba de avaliación do segundo cuadrimestre.

Revisión do PAC.

Análises crítico dos resultados da segunda avaliación.

Revisión de metodoloxía e criterios de avaliación.

Avaliación de alumnado con áreas pendentes.

Elaboración da memoria final do curso.

Informes para a Avaliación Ordinaria.

Avaliación Ordinaria.

Preparación de material para a avaliación extraordinaria de xuño.

Avaliación Extraordinaria.

## LIBROS DE TEXTO

<b>CURSO</b>	<b>Título</b>	<b>Editorial</b>
<b>2ºESO</b>	Física e Química	Aula Planeta, EDEBE e material creado
<b>3ºESO</b>	Física e química	Ed. Santillana e material creado
<b>4ºESO</b>	Física e química	Ed. Santillana e material creado
<b>4ºESO</b>	Intelixencia Artificial	Material creado

## ESPAZOS E MATERIAL

O ensino das áreas do ámbito realizarase por norma xeral nos seguintes espazos educativos: aula de clase, aula laboratorio (pendente de acondicionar axeitadamente), aula taller (tecnoloxía), aula de informática, aula de audiovisuais e a contorna do Centro.

Estará a disposición do alumnado toda a bibliografía, documentación e outros recursos existente no departamento para a realización dos distintos traballos. Disporán tamén da biblioteca do Centro, e do material informático que necesiten.

Coma parte do proxecto E-Dixgal, cada alumno e alumna de 1º da ESO conta cun ordenador portátil para o seu traballo diario tanto na aula coma na clase.

O alumnado precisará como mínimo do seguinte material individual:

- Libro de texto.
- Caderno con follas cuadriculadas e folios en branco para os apuntes ou notas que poida tomar na clase, caderno de clase para supervisar o profesor.
- Carpeta arquivador onde o alumnado recollerá todo o material que se lle entregue (fotocopias de temas puntuais, apuntes, fichas de traballo etc.), ou de asuntos que sexa conveniente tratar
- Regra graduada, escuadra e cartabón, compás e transportador de ángulos.
- Calculadora
- Memoria USB
- Lapis, goma e bolígrafos.

## **AVALIACIÓN de Física e Química e Intelixencia Artificial**

### **Instrumentos de avaliación:**

Para a cualificación do alumnado terase en conta:

#### **1. Comportamento:**

- Participación activa e comportamento axeitado na clase.
- Comportamento e actitude pola materia na aula.

#### **2. Traballo diario e participación:**

- A súa atención, interese ou esforzo que amosa durante as clases.
- Capacidade de traballo en grupo.
- Entrega dos materiais requiridos nos prazos fixados.
- Resumos apuntes, saídas a campo.
- Realización de actividades do libro de texto e doutras propostas polo profesor ou departamento.
- Realización de cuestionarios na aula virtual.
- Realización de actividades na aula virtual.
- Resolución de exercicios na clase ou fóra dela
- Resolución de exercicios no ordenador.
- Realización e presentación de traballos, tanto opcionais como obrigatorios.
- Caderno do alumno.

#### **3. Probas e controis:**

- Realización de probas escritas: Controis, exames, ...
- Realización de probas no ordenador: Aula Virtual do Centro e aula EDIXGAL
- Proba global da avaliación (1ª, 2ª, 3ª), no caso da materia de Intelixencia Artificial non se farán controis escritos. Faranse probas tipo test que se precisen, en función dos contidos dados.

#### **4. Traballos en equipos ou individuais**

Os mínimos para avaliar estes traballos serán:

- O mínimo consistirá en que o alumnado presente un traballo da extensión esixida, que trate sobre o tema do traballo a realizar e en onde se resuma a información de, ao menos, tres fontes.
- O alumnado manexará un vocabulario científico-tecnolóxico básico. A redacción e a gramática esixidas no traballo serán as propias do curso correspondente de ESO. Para calquera dúbida ou asesoramento, os profesores estarán sempre a disposición do alumnado.
- Os traballos serán presentados de forma dixital co emprego das ferramentas que se estimen axeitadas: presentacións, videos, encerado PDI ou virtual.

## 5. Prácticas:

### Laboratorio

O alumnado deberá realizar todas as partes das prácticas en maior ou menor medida segundo a capacidade de cada un. Cada parte valorarase da seguinte forma:

- Memoria*: Buscarase que reflecta todos os puntos que o profesor houberse requirido. Se aplicarán os mínimos correspondentes aos traballos individuais vistos anteriormente.
- Realización da práctica*: O alumnado traballará a práctica durante toda a duración da mesma
- Traballo individual*: Traballar de forma solidaria cos compañeiros realizando o traballo que lle corresponda dentro do grupo.

### aula de informática.

- **Traballos individuais**: nos que se terá en conta o desenvolvemento do mesmo e o seu nivel de dificultade.
- **Traballos colectivos**: nos que se terá en conta a planificación, construción e posta final.

### Procedemento de avaliación:

Se terán en conta os seguintes puntos:

- Cada falta de ortografía descontará 0.10 puntos , sendo o máximo 1 punto a descontar. E un acordo entre todos os departamentos (aprobado no claustro).
- O alumnado deberá escribir dez veces e facer unha oración con cada unha



das faltas de ortografía.

- A cualificación de cada unha das probas obterá un número entre 0 e 10, que poderá levar decimais. No caso dos traballos e actividades de aula terán a mesma valoración.
- Só se fará media con notas superiores ou iguais a 3.
- A duración destas probas será en xeral dunha unidade lectiva (50 minutos); aquel alumnado que necesite máis tempo por algunha causa xustificada contará con el. No caso de 4º ESO de Física e Química terase unha consideración especial ao seren máis complexos os contidos.
- Os exames están a disposición do alumando: correxidos e puntados. De solicitar unha copia do exame terán as canles oficiais establecidas no centro.
- As reclamacións ós resultados dos exames terán que ser por escrito.

***No caso de non poder asistir a unha proba presencial, o profesor establecerá outra data para facelo, sempre que presente o xustificante correspondente. A incomparecencia non xustificada a unha proba presencial é motivo de suspenso na parte ou no bloque avaliado.***

**Para todas as actividades, das prácticas de laboratorio ( para 2º, 3º e 4º de Física e Química) e nos traballos individuais e colectivos, figurarán os criterios de valoración do traballo (rúbricas de avaliación) sempre partindo da nota 10 e restando a cantidade que na rúbrica se indique.**

## **Criterios de cualificación**

### **Avaliacións**

#### **SEN confinamento:**

A nota de cada avaliación obterase coa seguinte media ponderada:

#### **CURSOS:2º e 3º ESO**

- nota das probas e controis, 70%.



- Faránse tres probas por avaliación, con distintos pesos: a primeira proba terá un valor de 1/10 da nota, a segunda 3/10 e a terceira 6/10.
  - Na terceira proba o alumnado examinarase da TOTALIDADE dos contidos da avaliación a valorar.
  - So se fará media cando a nota da 2ª e 3ª proba sexa de alomenos 3 puntos. Asemade, non se poderá ter un 0 en ningunha das tres probas.
  - O alumnado que cometa un acto ilícito durante as probas se lle retirará o exame e se lle porá unha nota de 0 no retirado, se lle entregará un novo exemplar do exame e disporá do tempo que quede ata o remate da proba. A nota do exame será a que obteña nesta última.
- Outras actividades (traballos, tarefas de clase, actitude,técnicas e estratexias,...): 30%
- 2º ESO: Para as actividades da materia en EDIXGAL e feitas na aula e test de só un intento corresponderá un 15%, e un 10% para as actividades a facer na casa e entregadas vía dixital e TEST con varios intentos.
  - 3º ESO: Para as actividades da aula virtual feitas na aula e test de só un intento corresponderá un 15%, e un 10% para as actividades a facer na casa e entregadas vía dixital e TEST con varios intentos.
  - O 5% corresponde á actitude e libreta.
  - Para 2º e 3º ESO: as prácticas de laboratorio irán incluídas no apartado do 15%.

### **CURSO 4º ESO:**

#### **Física e Química**

- nota das probas e controis, 80%.
- Faránse tres probas por avaliación, con distintos pesos: a primeira proba terá un valor de 1/10 da nota, a segunda 3/10 e a terceira 6/10.
  - Na terceira proba o alumnado examinarase da TOTALIDADE dos contidos da avaliación a valorar.
  - So se fará media cando a nota da 2ª e 3ª proba sexa de alo menos 3 puntos. Asemade, non se poderá ter un 0 en ningunha das tres probas.
  - O alumnado que cometa un acto ilícito durante as probas se lle retirará o exame e se lle porá unha nota de 0 no retirado, se lle entregará un novo exemplar do exame

e disporá do tempo que quede ata o remate da proba. A nota do exame será a que obteña nesta última.

- Outras actividades: 20%

- laboratorio, traballos, tarefas de clase, actitude,técnicas e estratexias,...: 15%
- Para as actividades da aula virtual corresponderá un 5% .

### **Intelixencia Artificial**

- Non se farán probas escritas.
- O alumnado que nos traballos individuais faga copia de traballos de outras persoas, considerarase suspensa o traballo.
- Traballos e tarefas de clase individuais e colectivas un 50% nas que se inclúen TEST.
- Para as actividades da aula virtual corresponderá un 40%.
- Para actitude, interés, comportamento e disposición de traballo un10%

### **CON confinamento: 2º e 3º ESO**

A nota de cada avaliación obterase coa seguinte media ponderada:

A nota de cada avaliación obterase coa seguinte media ponderada:

- nota das probas e controis, 60%.

- Faráanse tres probas por avaliación, con distintos pesos: a primeira proba terá un valor de 1/10 da nota, a segunda 3/10 e a terceira 6/10. ***Aclarar que as probas serán telemáticas, tipo test e preguntas cortas, cun tempo limitado máximo de 15 min e repartidas en 2 ou 3 sesións cada exame.***
- Na terceira proba o alumnado examinarase da TOTALIDADE dos contidos da avaliación a valorar.
- So se fará media cando a nota da 2ª e 3ª proba sexa de alo menos 3 puntos. Asi mesmo, non se poderá ter un 0 en ningunha das tres probas.

- Outras actividades (traballos, tarefas de clase, actitude,técnicas e estratexias,...): 40%

- Para as actividades da aula virtual corresponderá un 20% e un 10% para os TEST que se podan repetir. O 10% corresponde á traballos propostos.

• **Con Confinamento: 4 ESO**

**Física e Química**

- A nota de cada avaliación obtérase coa seguinte media ponderada:
- - nota das probas e controis, 70%.
- Faráanse tres probas por avaliación, con distintos pesos: a primeira proba terá un valor de 1/10 da nota, a segunda 3/10 e a terceira 6/10. ***Aclarar que as probas serán telemáticas, tipo test e preguntas cortas, cun tempo limitado máximo de 15 min e repartidas en 2 ou 3 sesións cada exame fora do horario lectivo por acordo co alumnado.***
- Na terceira proba o alumnado examínase da TOTALIDADE dos contidos da avaliación a valorar.
- So se fará media cando a nota da 2ª e 3ª proba sexa de alomenos 3 puntos. Asimesmo, non se poderá ter un 0 en ningunha das tres probas.
- - Outras actividades (traballos, tarefas de clase, actitude, técnicas e estratexias,...):  
30%
- Para as actividades da aula virtual corresponderá un 10% e un 5% para os TEST que se podían repetir. O 15% corresponde á traballos propostos.

**Intelixencia Artificial**

Mantense os mesmos criterios que na avaliación presencial.

**Recuperación das avaliacións**

Ó final de cada avaliación, preferiblemente tras os períodos das vacacións se é posíbel, realízase unha proba de recuperación da materia correspondente a cada avaliación para o alumnado que non acadou o 5 na avaliación, só dos mínimos esixibles ata acadar unha nota de un 7. Aquel alumnado desexe subir a nota global de curso, poderase presentar voluntariamente á proba de recuperación de Xuño e fará aquela parte que desexe mellorar a nota. A presentación da proba de mellor en ningún caso suporá un perxuízo na nota obtida nas avaliacións de curso.

En Intelixencia Artificial, de ter que recuperar algunha avaliación suspensa, se poñerán tarefas específicas para recuperar a materia.

### Convocatoria ordinaria de xuño

A finais de curso, preferiblemente na última semana, realizarase un exame final para aquel alumnado que aínda teña algunha avaliación suspensa. Cada alumno/a so realizará as cuestións correspondentes ás avaliacións que teña suspensas, tendo en calquera caso a opción de poder presentarse con toda a materia.

En Intelixencia Artificial, de ter que recuperar algunha avaliación, se poñerán tarefas específicas para recuperar a materia.

**É de sinalar, que a nota obtida na proba ordinaria de xuño será a considerada para o seguinte apartado no cálculo da cualificación final de xuño.**

### Cualificación final de xuño

**No caso de ter tódalas avaliacións superadas ou recuperadas**, a cualificación final de xuño obterase facendo a media aritmética das cualificacións das mesmas.

**En caso de ter só unha avaliación suspensa** (e despois de feita a proba de recuperación final de xuño), e cun mínimo dun 3, faráselle media coas outras dúas avaliacións, tendo que obter como mínimo un 5 de media para aprobar a materia.

**Con dúas ou máis avaliacións suspensas**, e despois de feita a proba de recuperación final de xuño, non se fará media, obtendo unha **cualificación negativa** na materia.

## RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A materia pendiente avaliarase en dous cuatrimestres. Aos alumnos/as entregaráselles unha serie de exercicios de repaso dos temas (caderno de actividades) por cada cuatrimestre. É obrigatorio que os realicen e os entreguen ao seu profesor da materia.

Para superar a materia pendiente deberá obter polo menos un 5 de media entre os dous cuatrimestres, tendo que obter un mínimo dun 3 en cada un para facer media.

A nota de cada cuatrimestre calcularase coa seguinte media ponderada:

- 70% proba escrita ou nota da avaliación
- 30% entrega en prazo e corrección do caderno de actividades

Para superar o primeiro cuatrimestre, o alumno deberá:

1. Entregar a resolución dos exercicios na data fixada polo departamento.
2. Superar unha proba escrita que se fixará na primeira semán de febreiro. Se o alumno aprobara a 1ª avaliación do curso no que se encontra matriculado consideraríase por superada esta proba sen ter que realizala.

Para superar o segundo cuatrimestre o alumno deberá:

1. Entregar a resolución dos exercicios na data fixada polo departamento.
2. Superar unha proba escrita que se fixará na primeira semán de maio, ou aprobar a 2ª avaliación do curso no que se encontra matriculado.

No caso de que o alumnado non tivera superado o primeiro cuatrimestre, terá que realizar outra proba escrita na primeira semán de maio, correspondente aos dos cuatrimestres. A cualificación do primeiro e segundo cuatrimestre están supeditados á entrega das tarefas obrigatorias que o profesor propuxo.

**Os criterios de avaliación e os obxectivos mínimos serán os que están establecidos na programación do curso correspondente.**

En caso de non recuperar a materia (proba de febreiro e/ou maio), deberán presentar á proba global na convocatoria de xuño. A nota que se poña será a obtida na proba e non dependerá das notas das actividades propostas, entregadas ou non.

O modelo que se lle entrega ao Pai/Nai/titor para a súa sinatura, e no que constará de que partes vaise a examinar e as condicións do material a realizar polo alumno é o que figura no ANEXO ao final do PXA.

## **CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO**

### ***Accións de contribución ao proxecto lector***

Coa finalidade de desenvolver a comprensión oral e escrita fomentaranse os hábitos de lectura e escritura, realizando actividades relacionadas coa lectura e comprensión lectora, para iso farase uso de revistas científica ou novas nos xornais.

O Centro conta cunha actividade denominada “Hora de ler”. Trátase de establecer media hora de lectura “libre e silenciosa” dun libro da súa elección, na aula, cada semana. Cada semana a Hora de ler será nunha hora diferente pero correlativa.

### **Accións de contribución ao plan TIC**

Pretendemos afondar no uso das TICs na nosa práctica docente diaria na aula mediante: traballos realizados coa axuda da rede, apoiando o noso labor con material interactivo. É de especial relevancia neste aspecto a existencia do Proxecto edixgal en 2º ESO. No caso das materias impartidas en 3º e 4º ESO utilizarase a aula virtual.

A materia de Intelixencia Artificial de 4º da ESO está totalmente dependente da aula de Informática e do uso axeitado das TIC.



ANEXO:

**ALUMNO/A:**

**CURSO ACTUAL:**

**MATERIA A RECUPERAR:**

**PROFESOR RESPONSABLE:**

- **ACTIVIDADES PARA O 1º CUADRIMESTRE: TEMAS..... cos correspondentes exercicios propostos en:**  
→ Exercicios expostos na aula virtual por meses.
- **DATA LÍMITE DE ENTREGA DO BOLETÍN DE EXERCICIOS DO 1º CUADRIMESTRE: No día de . Non se permite prórroga.**
- **DATA DA PROBA ESCRITA PARA O \_\_º CUADRIMESTRE: Proba escrita ou no seu caso electrónica o , de , ás h.**

Panxón , \_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Profesor responsable

Alumno/a

Pai, Nai, Titor/a

Ado: \_\_\_\_\_

Ado: \_\_\_\_\_

Ado: \_\_\_\_\_

**NOTA:** As materias pendentes contan para a promoción de curso e para a titulación, por tanto, é moi importante que o alumno/a supere a avaliación correspondente a este programa. Non obstante, caso de no obter avaliación positiva ao finalizar o curso, poderá presentarse á proba de xuño para superala.



## PLAN DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES: Física e Química

A materia pendiente avaliarase en dous cuadrimestres. Aos alumnado entregaráselles unha serie de exercicios de repaso dos temas (caderno de actividades) para cada cuadrimestre. É obrigatorio que os realicen e os entreguen ao profesor da materia nas datas fixadas ao efecto.

**Para superar o primeiro cuadrimestre**, o alumno deberá::

1. Entregar exercicios propostos dentro do prazo estipulado polo departamento, un por cada cuadrimestre.
2. Superar a proba escrita fixada nas datas: primeira semán de Febreiro para o primeiro cuadrimestre.

**Para superar o segundo cuadrimestre**, o alumno deberá::

1. Entregar exercicios propostos dentro do prazo estipulado polo departamento, un por cada cuadrimestre.
2. Superar a proba escrita fixada nas datas: primeira semán de Maio para o segundo cuadrimestre.

### **Avaliación de materias pendentes. Criterios de cualificación**

A nota de cada cuadrimestre calcularase da seguinte maneira:

- Proba escrita : 70%
- Exercicios que teñen que entregar: 30%

De non entregar os exercicios propostos, nesa parte terá un 0, o que fai que o cuadrimestre teña unha nota suspensa.

Para superar a materia pendiente deberá obter polo menos un **5** de media entre os dous cuadrimestres, tendo que obter un mínimo dun **3** en cada un para facer media.

**En caso de que o alumnado non houbera superado un ou dous cuadrimestres, terá que realizar unha proba escrita na primeira semán de maio, tendo que realizar cada un dos cuadrimestres que con superara ata o momento, así como entregar a totalidade das actividades propostas se non se entregaron nalgún dos cuadrimestres.**

Os criterios de avaliación e os obxectivos mínimos serán os que están establecidos na programación do curso correspondente.

De non alcanzar unha avaliación positiva na convocatoria de maio, terá unha proba extraordinaria no mes de xuño (que será o 100% da nota da materia) e que versará sobre a totalidade dos contidos propostos nos dous cuadrimestres e na que se deberá alcanzar unha cualificación superior ou igual a 5 para superar a materia pendiente.